

A ORGANIZACIÓN DO CORPO HUMANO

Nome: Curso: Data:

1 Os niveis de organización, ordenados de menor a maior complexidade, son:

- a. Célula, molécula, átomo e partícula subatómica.
- b. Molécula, átomo, célula e órgano.
- c. Célula, tecido, órgano, aparello e sistema.
- d. Organismo, órgano, célula e molécula.

2 As células procariotas teñen:

- a. Membrana, citoplasma, material xenético e ribosomas.
- b. Numerosos orgánulos citoplasmáticos.
- c. Núcleo diferenciado cun só cromosoma.
- d. Sempre unha capsula por enriba da membrana plasmática.

3 As células eucariotas:

- a. Non teñen orgánulos citoplasmáticos.
- b. Teñen no núcleo varios filamentos de ADN formando a cromatina.
- c. Só teñen como orgánulos os ribosomas.
- d. Teñen dúas partes diferenciadas: membrana e citoplasma.

4 O metabolismo celular componse de:

- a. Anabolismo e catabolismo.
- b. Anabolismo e respiración.
- c. Anabolismo, catabolismo e reprodución.
- d. Nutrición, relación e reprodución.

5 A respiración celular realízase:

- a. Nos ribosomas.
- b. No aparello de Golgi.
- c. No núcleo.
- d. Nas mitocondrias.

6 O citoesqueleto está formado por:

- a. Sales minerais de calcio e fósforo.
- b. Filamentos proteicos de distintos tipos.
- c. Sales minerais de calcio e magnesio.
- d. Prolongacións citoplasmáticas.

7 Os tecidos están formados por:

- a. Células semellantes que realizan diferentes funcións.
- b. Órganos que actúan coordinadamente.
- c. Células diferentes que realizan a mesma función.
- d. Células especializadas que realizan unha mesma función.

8 A actina e a miosina son fibras proteicas do tecido:

- a. Nervioso.
- b. Muscular.
- c. Conectivo.
- d. Conxuntivo.

9 Os órganos son:

- a. Estructuras formadas por varios tecidos que funcionan coordinadamente.
- b. Estructuras formadas por un só tipo de células.
- c. Estructuras formadas por varios aparellos.
- d. Estructuras formadas por varios sistemas.

10 Un sistema está formado por:

- a. Varios aparellos do mesmo tipo.
- b. Varios tecidos diferentes que coordinan a súa función.
- c. Varios órganos do mesmo tipo que realizan unha función similar.
- d. Varios órganos diferentes que actúan coordinadamente.